

SEPE

INGRESO MÍNIMO VITAL E SEPE

26/6/2024

MÁIS TRABALLO E MENOS EFECTIVOS

Na reunión de hoxe da Mesa Delegada, unha vez máis, o Director Xeral do SEPE volveu tentar vendernos unha competencia máis para o SEPE

A partir do mes de novembro deste ano, o SEPE vai ser o responsable de pedirlle ás persoas que rematen o subsidio que nos asinen unha declaración responsable para que facilitemos os seus datos ó INSS coa finalidade de que este se poña en contacto con eles para a tramitación dunha solicitude do ingreso mínimo vital.

Segundo o Sr. Director Xeral isto non vai supoñer máis carga de traballo porque se lle vai enviar unha carta informativa probablemente cun QR incorporado para que as persoas beneficiarias do subsidio saiban se cumpren ou non requisitos para solicitar o IMV e decidan se teñen que ir á oficina a presentar a declaración responsable

Parece que o “Xefe” non ten en cota o número de solicitudes de cita previa que isto vai supoñer nin que a xente cando o INSS tarde en recoñecerlle o IMV vai vir a preguntar o SEPE

Mentres tanto, os efectivos do organismo seguen baixando, a simplificación dos subsidios tan só é media simplificación, as aplicacións non van, o cadro de persoal non se modificou....

Ante as protestas de todos os sindicatos, a resposta do Director Xeral é que “el personal está respondiendo bien a los cambios”. Ou o que é o mesmo, MENTRES O TRABALLO SAIA ADIANTE QUE MÁIS DA.